



Culture and Traditions  
Across the Pond

---

# GUÍA DIDÁCTICA

Paul Roberto Herron Campos  
(EOI de Santiago)  
José Antonio Cartelle Cudilleiro  
(EOI de Ferrol)

Proxecto realizado no marco dunha licenza por formación retribuída pola Consellería de Educación durante o curso 2017-18

## Táboa de contidos

1. Introducción
2. Obxectivos e contidos de “*Across the Pond*”
3. Aspectos curriculares en que se incide
4. Metodoloxía e orientacións didácticas
5. Atención á diversidade
6. Actividades
7. Recursos de avaliación para o alumnado
8. Estándares de aprendizaxe

## 1. Introducción

A cultura é o que nos fai quen somos e o que nos une, e dicir, é a esencia da nosa identidade. Intimamente ligado ao concepto de cultura como un conxunto de coñecementos, tradicións e costumes que caracterizan un pobo, está a lingua, o vehículo que usamos para transmitila. Un esquimó ten 50 palabras para falar da neve porque é un elemento permanente da súa contorna natural. Igualmente, un galego ten un léxico rico en palabras para referirse á choiva. Non é casual.

Con todo, nun mundo globalizado xa non pertencemos a só unha cultura e non chega con saber unicamente unha lingua nunha sociedade cada vez máis plurilingüe. Un francés fai plans para '*le week-end*', un italiano conéctase a Internet con '*il computer*', e un español remata a noite nun '*after hours*'. Esas palabras xa forman parte da súa conciencia colectiva como pobo.

Para unha persoa nova formándose para ser un cidadán europeo integrado laboralmente e persoalmente, a necesidade de saber outras linguas e coñecer outras culturas é vital. É moi probable que participará nun programa *Erasmus* noutro país europeo e que necesitará certificarse en inglés para lograr un título universitario. O seu currículo estará orfo sen a referencia doutra lingua que non sexa a materna e se cadra terá que viaxar ou incluso emigrar a outro país para desempeñar a súa profesión. Se se converte en autónomo ou traballa nun negocio terá que comunicarse con clientes e provedores estranxeiros.

No ámbito persoal, fará viaxes con familiares ou amigos en voos *low-cost* a Londres, París ou Roma. Cando navega en Internet lerá *posts* e escribirá comentarios en *Facebook*. Verá en *Netflix* series americanas en versión orixinal ou subtituladas. Este é o seu presente e o seu futuro.

E este presente non se pode entender, como se pode apreciar polos exemplos, sen a lingua inglesa, actualmente a *lingua franca* do mundo. Un chinés e un francés comunícanse nesta lingua, igual que un brasileiro e un marroquí. E coa lingua de Shakespeare vén a cultura dos países anglófonos - *Os Beatles, Hollywood, a monarquía británica*, etc. Pero a cultura da lingua inglesa non pertence unicamente aos pobos que falan inglés como lingua materna. Tamén forma parte da cultura global da xente que o fala como segunda lingua.

Por todo isto, a cultura e a lingua inglesa non son só un medio para achegarnos aos costumes, tradicións e formas de pensar dos países de fala inglesa, senón unha forma de coñecernos a nós mesmos, contrastando trazos diferenciais e similitudes e así chegando a un entendemento maior da nosa propia cultura e das alleas para apreciar aquelas cousas que nos unen como seres humanos.

Neste contexto xurde o proxecto **ACROSS THE POND: CULTURE AND TRADITIONS IN THE UK, THE USA, IRELAND AND CANADA** (*Alén do charco: cultura e tradición no Reino Unido, Estados Unidos, Irlanda e Canadá*). O título fai referencia a unha frase feita que empregan tanto os británicos como os americanos para referirse á xente que se encontra noutro lado do Atlántico. A metáfora 'charco' reflicte tamén a proximidade entre os pobos dos dous lados, ligados por unha lingua común, o inglés, e que ten unha vixencia especial hoxe en día en que as comunicacións e a posibilidade de viaxar fan que o mundo sexa máis pequeno. E tamén é interesante porque o Atlántico é un espazo e vía de comunicación compartido cos galegos.

O obxectivo último dos ODEs que configuran *Across the Pond* é o desenvolvemento da competencia lingüístico-comunicativo en inglés mediante o uso de textos escritos e orais auténticos e atractivos para o alumnado. Utilízanse temas culturais da anglofonía en lingua inglesa como eixe principal dos textos para achegarse ao xeito

de vida e formas do pensamento dos pobos de fala inglesa e o seu patrimonio cultural. E a través deste diálogo intercultural lógrase o *‘recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais’* (pp. 25796 Decreto 86/2015).

Os ODEs que configuran *Across the Pond* afástanse da forma tradicional de aprender os contidos léxico-gramaticais para centrarse en promover o uso integral do repertorio lingüístico, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e de paso traballar indirectamente aqueles contidos máis formais de forma máis atractiva, integrados nos propios textos, incidindo sobre todo nos aspectos socioculturais e sociolingüísticos do currículo.

Todas as actividades están dirixidas para o alumnado que curse **cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)** e a materia obxecto de traballo será a **lingua inglesa como primeira lingua estranxeira**.

Así mesmo, o noso material adáptase perfectamente aos niveis A2 e B1 (niveis de competencia do Marco Común Europeo de referencia para as linguas-MCERL), que corresponden aos cursos A2 e B1 das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.

## **2. Obxectivos e contidos de “*Across the Pond*”**

Como o proxecto se basea en contidos audiovisuais para ser traballados dentro da clase como parte da programación de aula ou fóra da clase física, na ‘aula invertida’ trabállase sobre todo cos Bloques 1 (Comprensión de textos orais), 3 (Comprensión de textos escritos) e 5 (Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural). Polo tanto os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliáveis, competencias clave, e criterios de avaliación son os establecidos na

vixente lexislación (LOMCE) e o decreto autonómico que os desenvolve (Decreto 86/2015).

#### a. Obxectivos

Enténdese por **obxectivos**-”*referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.*” (páx. 25440 Decreto 86/2015). Do **Bloque 1** se traballan os seguintes obxectivos establecidos para a educación secundaria obrigatoria:

**a**-Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**c**-Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d**-Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

i-Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Do **Bloque 3** póñense en práctica ademais dos anteriores obxectivos:

e-Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Do **Bloque 5** tamén temos:

o-Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega (coa inclusión de subtítulos en galego nos vídeos) como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

## **b. Contidos**

Enténdese por **contidos**-o “*conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.*” (páx. 25440 Decreto 86/2015)

Do **Bloque 1**:

**B1.1.** Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos

principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Do **Bloque 3:**

**B3.1.** Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Do **Bloque 5:**

**B5. 3.** Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal. Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira. Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás

persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

**B5.4.** Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno. Recurso aos coñecementos sintáctico discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

**B5.6.** Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo. Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".

### **3. Aspectos curriculares en que se incide**

Alén das competencias xerais e lingüístico-comunicativas dos ODEs que configuran *Across the Pond*, o proxecto tamén ten como obxectivo o desenvolvemento das sete chamadas "competencias clave" recollidas no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no seu artigo 3 (pax. 25.441). Enténdese por competencias claves-"*capacidades para aplicar de xeito integrados os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin*

de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.” *Across the Pond* abrangue cinco das competencias clave directamente e incide indirectamente sobre as dúas restantes.

- **Comunicación lingüística (CCL).** O obxectivo principal de *Across the Pond* é o desenvolvemento da competencia lingüística, especialmente no eido dos seus aspectos socioculturais e sociolingüísticos.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Cada un dos textos escritos e/o orais empregados versa sobre temas de índole cultural co fin de aumentar os coñecementos por parte do alumnado das idiosincrasias dos países onde se fala o inglés.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) + competencia dixital (CD).** O desenvolvemento de habilidades no manexo das TAC e dos recursos web constitúen un dos piares do recurso.
- **Aprender a aprender (CAA).** A propia natureza do concepto de clase invertida inclúe a necesidade de desenvolver mecanismos que permitan aprender en autonomía e de mellorar o propio rendemento buscando a información necesaria de forma rápida e eficaz e adquirindo estratexias que permitan aprender unha lingua
- **Competencias sociais e cívicas (CSC); Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Ambas as dúas, traballadas tanxencialmente no traballo ao longo dos 20 obxectos educativos propostos.

#### 4. Metodoloxía e orientacións didácticas

A dinámica de clase proposta en *Across the Pond* sigue a filosofía da chamada “clase invertida”. A invención da “clase invertida” está xeralmente atribuída aos profesores estadounidenses Jonathan Bergmann e Aaron Sams. A clase invertida consiste en aproveitar o potencial das novas tecnoloxías para gravar en vídeo e poñelo a disposición do alumno para que o poida ver na casa. Deste xeito, o docente libera tempo de clase para concentrarse en debates, proxectos, ou outras actividades comunicativas. Aínda que o material elaborado pódese tratar perfectamente nunha clase normal ou nun aula de informática con computadores para cada alumno, o ideal sería ver os vídeos e facer as actividades dos ODEs fóra do centro xa que traballarán a comprensión de textos (un labor que se pode facer en solitario) e non a produción dos mesmos, o que debe ser o obxectivo final das clases de idiomas comunicativas.

Para integrar esta metodoloxía no curso de 4º da ESO, o departamento de Inglés de cada centro debería idealmente facer un traballo previo de inclusión deste método na Programación Anual Didáctica, concretando en que unidade didáctica se traballará todas ou algunhas dos ODEs que configuran o proxecto *Across the Pond*.

Ademáis, sería recomendable informar previamente á dirección do centro da posta en marcha deste dinámica de traballo, así como ás familias, para que teñan constancia de que os eus fillos van ter que traballar regularmente coa Internet desde a casa.

Os ODEs deste traballo están a disposición da comunidade educativa a través do espazo [Abalar](https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazos/recursos) da Consellería de Educación en <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazos/recursos>. O profesor facilitará ó alumno a ligazón á actividade. Tamén pódese descargar o ODE dende o repositorio Abalar para a súa implementación noutras plataformas ou mesmo como previsión para poder traballar co ODE en situacións nas que non haxa acceso á Internet.

Idealmente, o fluxo de traballo cos ODEs de *Across the Pond* sería:

- O profesor propón a realización dun dos ODEs e emprega tempo de clase para facer unha avaliación inicial ou de diagnóstico, tal como se explica no punto 7 desta guía.
- O alumno accede desde a súa casa ó ODE, e fai as actividades propostas.
- Logo, na clase, un día sinalado polo profesor, faise a avaliación final, tal como se explica no punto 7 desta guía.

Para traballar con estas unidades, suponse que os alumnos teñen conexión de internet de banda ancha e acceso a un computador e á plataforma ABALAR, ben na escola o ben na casa, para facer as actividades. Desta forma tamén incidiremos na súa competencia dixital.

Este fluxo proposto pode non ser aplicable no caso de que o alumno teña dificultades de acceso á internet no seu domicilio. Nese caso propónse como solución para o alumnado afectado a realización das actividades no mesmo centro, no seu computador Abalar, na sala de computadores ou na biblioteca do centro educativo.

No caso en que, polo nivel do alumnado, por motivos técnicos ou por calquera outra razón, a clase no seu conxunto non poda seguir o fluxo de traballo descrito arriba, os ODEs pódense traballar doutras formas alternativas:

- Visionando entre todos os vídeos na aula na súa versión en MP4 ou se se quere só co audio facilitado no ODE, e facendo os exercicios dos dossiers pedagóxicos in situ.
- Facendo de forma individual o ODE na sala de informática ou cos computadores Abalar.

Dunha forma ou da outra, o proceso evaluativo sería o mesmo que se o ODE fose feita seguindo a filosofía da “clase invertida”.

## 5. Atención á diversidade.

Un principio básico da LOMCE é a necesidade de recoñecer a diversidade do alumnado para garantir a normalización, inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades do alumnado. Só así todos os alumnos poden acadar os obxectivos da etapa. Tamén é un eixe fundamental do noso proxecto dentro das medidas ordinarias para a atención da diversidade.

Como as unidades se poderán facer fóra da escola sen a presión dos tempos do aula, alumnos con ritmos distintos de aprendizaxe non terán problemas en completar as actividades. Os alumnos con ritmos máis lentos poderán repetir as actividades todas as veces que queiran.

Así mesmo, as actividades poderán ser realizadas por persoas con capacidades diferentes ao ser presentadas en formatos distintos. Todas as actividades incluírán textos orais e/ou textos escritos e os vídeos terán subtítulos en inglés, castelán e galego. Atenderemos deste xeito a alumnos con diferentes graos de dominio do inglés. Os alumnos máis avanzados poderán ver os vídeos e facer as actividades integramente en inglés mentres que os alumnos con máis dificultades poderán ver os vídeos con subtítulos en galego o castelán.

Tamén dentro destes ODEs haberá unha sección de propostas para poder profundar mais “*To Know More*” nos temas culturais vistos. Serán sobre todo ligazóns a páxinas web con máis información ou quizais algunha actividade complementaria. Isto dá a oportunidade aos alumnos máis curiosos de seguir aprendendo sobre algún tema que lles interesa especialmente.

En canto aos contidos das unidades, foméntase en todo momento os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Ademais, evítanse os estereotipos e tópicos culturais, raciais, relixiosos de xénero etc. referentes aos ingleses, irlandeses, canadienses e americanos tan prevalentes nas nosa sociedade. Desta forma os alumnos lograrán un coñecemento máis profundo e real destas culturas complexas e modernas onde a diversidade é a norma.

## 6. Actividades

A continuación, detállanse os contidos de *Across the Pond*. Están formulados baseándose nos contidos establecidos no decreto 86/2015 de 25 de xuño para a materia de Primeira lingua estranxeira (inglés) de 4º da ESO e organízanse en **20 ODES individuais, nivel 2: Obxecto de aprendizaxe**.

Cada unidade se presenta en tres versións segundo a capacidade do alumnado.

- **Versión en inglés:** as instrucións, a información e os subtítulos dos vídeos están en inglés.
- **Versión en español:** as instrucións, a información e os subtítulos dos vídeos están en español.
- **Versión en galego:** as instrucións, a información e os subtítulos dos vídeos están en galego.

Estas versións en varias linguas son unidades independentes, polo cal, no repositorio de recursos de Abalar hai que buscar a versión adecuada. Por exemplo, se queremos que un alumno vexa o ODE *Niagara Falls* con subtítulos en galego, haberá que seleccionar a versión *Niagara Falls (versión en galego)* e se se quere con subtítulos en inglés, entón seleccionaremos a versión *Niagara Falls (English version)*.

## LISTADO DE UNIDADES

1. Chelsea Football Club
2. Baseball
3. Hobbies in the UK 1
4. Hobbies in the UK 2
5. Hawaii
6. The Blues
7. Calgary
8. Florida
9. Cricket
10. Miami
11. St. Patrick's Day
12. New York City
13. Thanksgiving
14. Niagara Falls
15. Across the Pond 1- Cultural differences
16. Across the Pond 2- Cultural stereotypes
17. The West Coast
18. Manchester
19. Galway
20. Chicago

**Estrutura das unidades:** cada unidade traballa aspectos socioculturais dun dos países obxecto do proxecto. Está estruturado do seguinte xeito:

- **Comezando:** actividade inicial de achegamento para activar os coñecementos previos que ten un alumno e para presentar o tema a tratar.
- **Glosario:** preparación léxica para os textos orais e/ou escritos da actividade.

- **O vídeo:** vídeo de entre 4-5 minutos que aporta información nova, profundiza nos coñecementos do alumno e o prepara para a entrevista cunha persoa nativa.
- **Entrevista:** todas as actividades contan cunha entrevista en vídeo a unha persoa nativa sobre algún aspecto do tema principal de cada unidade.
- **Transcricións e audios:** acceso a todo o material da unidade en formato pdf e mp3: transcrición dos textos orais, audios dos vídeos, actividades de comprensión con respostas (dossier pedagóxico).
- **Para saber máis:** ampliación e consolidación de coñecementos a través de ligazóns a recursos da web tales como vídeos, fotos, páxinas web oficiais de institucións, información cultural, etc.
- **Créditos:** Esta sección contén información sobre a autoría do material multimedia incluída na unidade.

## 7. Recursos de avaliación para o alumnado

Enténdese a avaliación como un proceso acumulativo, dinámico e integrador. Primeiro, a avaliación debe estar presente en todas as fases dos ODEs (ao principio, durante, e ao final). Segundo, débense empregar varios instrumentos na recollida de datos (observación, enquisas, *feedback* directo, rúbricas etc.). E terceiro, todos os participantes do proceso ensino-aprendizaxe deben estar implicados no proceso (profesor, alumno, compañeiros).

Para lograr os obxectivos que propoñemos temos que ter en conta os criterios de avaliación (*describen aquilo que se quere valorar e que o alumno debe lograr*) e os estándares de aprendizaxe avaliáveis (*as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe*) (páx. 25440 Decreto 86/2015). Os estándares de aprendizaxe deste proxecto (apartado 4c) son os que se deben utilizar

para establecer os resultados das actividades e valorar o grao de consecución dos obxectivos.

O plan de avaliación de ‘*Across the Pond*’ contempla por tanto as seguintes fases:

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico.** Nunha primeira fase dos ODEs establécense os coñecementos previos dos alumnos a través de preguntas abertas (*What do you know about...?*); ‘*brainstorming*’ (tormenta de ideas)-por exemplo, que os alumnos escriban todos os monumentos que coñecen de Gran Bretaña; o pequenas probas (V/F, tipo test). Este tipo de avaliación faise antes das outras actividades na clase, como presentación das ODEs e para diagnosticar calquera tipo de problema que poida xurdir.
- **Avaliación continua o procesual.** Esta é a fase de traballo individual e por tanto auto-avaliación dos ODEs. Os alumnos verán os vídeos e farán as actividades propostas en solitario e serán eles os que teñen que determinar se entenden os textos polos resultados que obteñen nas actividades e polo *feedback* que reciben da aplicación *ExeLearning* en formato de mensaxes breves como “*That’s great! Awesome!*” etc. Poderanse repetir as actividades tantas veces como queiran ou volver a ver os vídeos con subtítulos en galego ou castelán se non acadaron os resultados esperados a primeira vez. O que nos leva á fase máis importante do proceso.
- **Avaliación final ou acumulativo.** Os ODEs deste proxecto formarán parte de todo o curso escolar de 4º de la ESO para a materia troncal de primeira lingua estranxeira e sería unha equivocación illar os nosos ODEs deste contexto. Os obxectivos logrados poderán ser avaliados con posteriores proxectos, actividades complementarias, probas finais, debates etc. Para este fin, unha vez rematada cada ODE propónse unha rúbrica para avaliar o grao de logro

dos estándares propostos. A rúbrica vai en liña coa filosofía da LOMCE de avaliar holísticamente ao alumnado e a vez valorar cada un dos bloques da materia do inglés. Será responsabilidade do profesor implementar a rúbrica no momento máis axeitado xa que ademais dos bloques 1,3 e 5 incluídos no noso proxecto, avaliaranse tamén os bloques 2 e 4 na rubrica, o sexa, que se espera que se utilicen os contidos traballados en actividades comunicativas posteriores (debates, proxectos, presentacións etc.).

Rúbrica de Avaliación para as ODEs de “Across the Pond”

Nome do/a alumno/a				
Destreza / Nota	<b>Sobresaliente</b>	<b>Notable</b>	<b>Aprobado</b>	<b>Insuficiente</b>
<b>Comprensión Oral</b>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto oral e comprende perfectamente o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto oral e comprende bastante ben o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto oral e comprende máis ou menos o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Non recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto oral OU recoñéceos pero non comprende o seu significado</i>
<b>Expresión Oral</b>	<i>Fala utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE de maneira moi correcta, aínda que pode cometer algún erro</i>	<i>Fala utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE de maneira correcta en xeral, aínda que con</i>	<i>Fala utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE con algúns erros que non impiden a comprensión aínda que ocasionalmente a</i>	<i>Fala utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE con moitos erros que, ademais, dificultan ou</i>

	<i>ocasional.</i>		<i>poidan dificultar un pouco.</i>	<i>mesmo impiden a comprensión.</i>
<b>Comprensión Escrita</b>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto escrito e comprende perfectamente o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto escrito e comprende bastante ben o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto escrito e comprende máis ou menos o seu significado e o seu valor no texto.</i>	<i>Non recoñece os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE nun texto escrito OU recoñéceos pero non comprende o seu significado nin o seu valor no texto.</i>
<b>Expresión escrita</b>	<i>Escribe utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE de maneira moi correcta, aínda que pode cometer algún erro ocasional.</i>	<i>Escribe utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE de maneira correcta en xeral, aínda que con algúns erros ocasionais.</i>	<i>Escribe utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE con algúns erros que non impiden a comprensión aínda que ocasionalmente a poidan dificultar un pouco.</i>	<i>Escribe utilizando os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE con moitos erros que, ademais, dificultan ou mesmo impiden a comprensión.</i>
<b>Coñecemento da lingua</b>	<i>Manexa moi ben os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE en actividades de lingua.</i>	<i>Manexa ben os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE en actividades de lingua.</i>	<i>Manexa os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE en actividades de lingua..</i>	<i>Non manexa os recursos socioculturais e sociolingüísticos do ODE en actividades de lingua.</i>

- **Meta-avaliación.** A perfección non existe nos procesos educativos e por tanto sempre hai lugar para a mellora. Soamente a través da recollida de datos e a reflexión podemos emendar problemas que xorden ao longo do proceso. O profesor deberá mobilizar os recursos e as estratexias necesarias para solventar as dúbidas presentadas polos alumnos despois da posta en práctica de cada ODE, propoñendo de ser o caso un proceso de reflexión sobre os logros acadados. Suxírise como estratexia metodolóxica para a posta en práctica deste proceso o deseño dunha enquisa para recoller a opinión do alumno sobre o traballo desenvolvido, incluíndo: dificultades atopadas, eventuais problemas técnicos, tempo dedicado a cada ODE, etc. Deste xeito, lograremos axustar os parámetros para que sexan aínda mellores.

## 8. Estándares de aprendizaxe

Enténdese por **estándares de aprendizaxe avaliáveis**-”*especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.*” (páx. 25440 Decreto 86/2015)

O seguintes son unha selección do conxunto dos estándares de aprendizaxe formulados no Decreto 86/2015 para a materia de Primeira lingua estranxeira en 4º da ESO. Trátase dos estándares seleccionados para avaliar o traballo do alumno tras a realización dos ODEs de “*Across the Pond*”.

### Do Bloque 1:

**PLEB1.1.** Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva o detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

### Do Bloque 3

**PLEB3.2.** Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.

### Do Bloque 5

**PLEB5.4** Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.